



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023466	Lamas de Abade	Santiago de Compostela	2018/2019

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN08	Documentación e administración sanitarias	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesiões semanais	Horas anuais	Sesiões anuais
MP1520	Codificación sanitaria	2018/2019	0	191	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	CAROLINA DOLORES VARELA CAAMIÑA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Realiza procesos de codificación de diagnósticos relacionados con doenzas infecciosas e parasitarias, facendo uso da Clasificación Internacional de Doenzas (CID) na súa edición vixente, consonte a normativa específica
RA2 - Realiza procesos de codificación de diagnósticos e de procedementos relacionados con neoplasias, utilizando a Clasificación Internacional de Doenzas na súa edición vixente (CID e CID-O), consonte a normativa específica
RA3 - Codifica os diagnósticos e os procedementos relacionados con doenzas do sistema nervioso, utilizando a Clasificación Internacional de Doenzas (CID) na súa edición vixente, consonte a normativa específica
RA5 - Realiza procesos de codificación de diagnósticos relacionados con doenzas endócrinas, metabólicas, nutricionais, trastornos mentais e do comportamento, e outras patoloxías, utilizando a Clasificación Internacional de Doenzas (CID) na súa edición vixente, consonte a normativa específica
RA6 - Realiza procesos de codificación de diagnósticos e procedementos relacionados con doenzas do aparello circulatorio, do sangue e dos órganos hematopoéticos, e certos trastornos que afectan o mecanismo inmunolóxico, utilizando a Clasificación Internacional de Doenzas (CID) na súa edición vixente, consonte a normativa específica
RA7 - Realiza procesos de codificación de diagnósticos relacionados con doenzas do aparello respiratorio, utilizando a Clasificación Internacional de Doenzas (CID) na súa edición vixente, consonte a normativa específica
RA8 - Realiza procesos de codificación de diagnósticos e procedementos relacionados con doenzas do aparello dixestivo, utilizando a Clasificación Internacional de Doenzas (CID) na súa edición vixente, consonte a normativa específica
RA10 - Codifica os diagnósticos e os procedementos relacionados con doenzas do aparello músculo-esquelético e do tecido conectivo utilizando a Clasificación Internacional de Doenzas (CID) na súa edición vixente, consonte a normativa específica
RA12 - Codifica os diagnósticos e os procedementos relacionados con embarazo, o parto e o puerperio, utilizando a Clasificación Internacional de Doenzas (CID) na súa edición vixente, consonte a normativa específica

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Identifícanse os estadios de evolución do proceso infeccioso
CA1.4 Identifícanse as categorías clínicas para a codificación do VIH
CA2.2 Identifícanse a existencia de tumores primarios e secundarios
CA3.3 Clasifícanse as doenzas do sistema nervioso central e as doenzas do sistema nervioso periférico
CA5.4 Describíronse as diferenzas entre patoloxía conxénita e patoloxía con orixe no período perinatal, para a súa codificación
CA6.2 Determinouse a existencia de relación entre a HTA e trastornos orgánicos
CA6.3 Asígnase o código na codificación da insuficiencia cardíaca, identificando o tipo e os factores que a producen
CA7.1 Determináronse os tipos de pneumonía
CA7.4 Determinouse a intensidade ou a rapidez de aparición da insuficiencia respiratoria como criterio de asignación do código
CA8.1 Determinouse o tipo de hemorraxia dixestiva e a súa orixe
CA8.3 Identifícanse a orixe da hepatitis e a presenza de encefalopatía hepática
CA10.2 Diferenciáronse as fracturas patolóxicas das traumáticas e codifícanse correctamente
CA12.1 Describíronse as diferenzas entre parto eutócico e parto distócico
CA12.5 Listáronse as afeccións maternas que complican o embarazo, o parto e o puerperio

**2.2. Segunda parte da proba****2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Realiza procesos de codificación de diagnósticos relacionados con doenzas infecciosas e parasitarias, facendo uso da Clasificación Internacional de Doenzas (CID) na súa edición vixente, consonte a normativa específica
RA2 - Realiza procesos de codificación de diagnósticos e de procedementos relacionados con neoplasias, utilizando a Clasificación Internacional de Doenzas na súa edición vixente (CID e CID-O), consonte a normativa específica
RA3 - Codifica os diagnósticos e os procedementos relacionados con doenzas do sistema nervioso, utilizando a Clasificación Internacional de Doenzas (CID) na súa edición vixente, consonte a normativa específica
RA4 - Codifica os diagnósticos e os procedementos relacionados con doenzas do ollo e os seus anexos, e do oído, utilizando a Clasificación Internacional de Doenzas (CID) na súa edición vixente, consonte a normativa específica
RA5 - Realiza procesos de codificación de diagnósticos relacionados con doenzas endócrinas, metabólicas, nutricionais, trastornos mentais e do comportamento, e outras patoloxías, utilizando a Clasificación Internacional de Doenzas (CID) na súa edición vixente, consonte a normativa específica
RA6 - Realiza procesos de codificación de diagnósticos e procedementos relacionados con doenzas do aparello circulatorio, do sangue e dos órganos hematopoéticos, e certos trastornos que afectan o mecanismo inmunolóxico, utilizando a Clasificación Internacional de Doenzas (CID) na súa edición vixente, consonte a normativa específica
RA7 - Realiza procesos de codificación de diagnósticos relacionados con doenzas do aparello respiratorio, utilizando a Clasificación Internacional de Doenzas (CID) na súa edición vixente, consonte a normativa específica
RA8 - Realiza procesos de codificación de diagnósticos e procedementos relacionados con doenzas do aparello dixestivo, utilizando a Clasificación Internacional de Doenzas (CID) na súa edición vixente, consonte a normativa específica
RA9 - Codifica os diagnósticos e os procedementos relacionados con doenzas da pel, do tecido subcutáneo e dos anexos utilizando a Clasificación Internacional de Doenzas (CID) na súa edición vixente, consonte a normativa específica
RA10 - Codifica os diagnósticos e os procedementos relacionados con doenzas do aparello músculo-esquelético e do tecido conectivo utilizando a Clasificación Internacional de Doenzas (CID) na súa edición vixente, consonte a normativa específica
RA11 - Codifica os diagnósticos e os procedementos relacionados con doenzas do aparello xenitourinario, utilizando a Clasificación Internacional de Doenzas (CID) na súa edición vixente, consonte a normativa específica
RA12 - Codifica os diagnósticos e os procedementos relacionados con embarazo, o parto e o puerperio, utilizando a Clasificación Internacional de Doenzas (CID) na súa edición vixente, consonte a normativa específica
RA13 - Codifica os diagnósticos e procedementos relacionados co período perinatal, malformacións conxénitas, deformacións e anomalías cromosómicas, utilizando a Clasificación Internacional de Doenzas (CID) na súa edición vixente, consonte a normativa específica

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.2 Asignáronse os códigos relacionados con doenza infecciosa ou parasitaria, aplicando a secuencia correspondente
CA1.3 Codificáronse os procesos infecciosos ocorridos tras a realización dun procedemento
CA1.5 Establecéronse os criterios de selección do diagnóstico principal para a codificación de doenzas relacionadas ou non coa infección por VIH
CA2.1 Aplícase a normativa xeral de codificación de neoplasias, detallando a localización anatómica, a súa morfoloxía e o seu comportamento
CA2.3 Codificáronse os episodios relacionados con neoplasias de tecido linfático, hematopoético e tumores neuroendócrinos
CA2.4 Elixíuse a normativa específica adecuada na selección do diagnóstico principal atendendo ao motivo de admisión
CA2.5 Recolléronse no proceso de codificación as complicacións relacionadas co tratamento
CA2.6 Codificáronse correctamente os procedementos realizados
CA3.1 Codificáronse as doenzas do sistema nervioso
CA3.2 Codificouse correctamente a lateralidade das doenzas do sistema nervioso
CA3.4 Rexistráronse os procedementos diagnósticos e terapéuticos realizados do sistema nervioso



Criterios de avaliación do currículo

CA4.1 Codifícanse as doenzas dos ollos e os seus anexos

CA4.2 Codifícase correctamente o glaucoma

CA4.3 Codifícanse as doenzas do oído externo, medio e interno

CA4.4 Rexístranse os procedementos diagnósticos e terapéuticos realizados do ollo, dos seus anexos e do oído

CA5.1 Codifícase a diabete atendendo ao tipo, ás complicacións e ás manifestacións agudas e crónicas desta, e outras patoloxías endócrinas

CA5.2 Codifícanse os trastornos mentais e os intentos autolíticos

CA5.3 Codifícanse as dependencias a tóxicos, identificando as substancias ingeridas, segundo os diferentes códigos da CID

CA5.5 Codifícanse os procedementos tanto diagnósticos como terapéuticos

CA6.1 Recolleuse no proceso de codificación das valvulopatías

CA6.3 Asígnase o código na codificación da insuficiencia cardíaca, identificando o tipo e os factores que a producen

CA6.4 Secuenciáronse correctamente os diagnósticos na codificación dos procesos relacionados con cardiopatía isquémica

CA6.5 Codifícanse os episodios relacionados con patoloxía cerebrovascular

CA6.6 Asígnanse os códigos na codificación das doenzas do sangue e dos órganos hematopoéticos

CA6.7 Codifícanse os trastornos do mecanismo inmunolóxico

CA6.8 Rexístranse os procedementos diagnósticos e terapéuticos realizados do aparello circulatorio, do sangue e dos órganos hematopoéticos, e certos trastornos que afectan o mecanismo inmunolóxico

CA7.2 Rexístrouse o tipo de doenza pulmonar obstrutiva crónica (DPOC), así como a presenza de reagudización e descompensación

CA7.3 Secuenciáronse correctamente os diagnósticos na codificación dos procesos relacionados co aparello respiratorio

CA7.5 Codifícase a situación de dependencia a máquinas de soporte respiratorio

CA7.6 Rexístranse os procedementos diagnósticos e terapéuticos do aparello respiratorio

CA8.2 Extraeuse a información necesaria para a correcta codificación de hernias da cavidade abdominal, así como o seu tratamento

CA8.4 Rexístrouse a etiqueta diagnóstica e de tratamento relacionado coa vesícula e a vía biliar

CA8.5 Codifícanse as doenzas do aparello dixestivo

CA8.6 Rexístranse os procedementos diagnósticos e terapéuticos do aparello dixestivo que se han realizado

CA9.1 Codifícanse as doenzas da pel

CA9.2 Codifícanse as doenzas do tecido subcutáneo e os anexos

CA9.3 Rexístranse os procedementos diagnósticos e terapéuticos realizados do ollo, do tecido subcutáneo e dos anexos que se han realizado

CA10.1 Codifícanse as doenzas do aparello músculo-esquelético e do tecido conectivo

**Criterios de avaliación do currículo**

CA10.3 Codificáronse correctamente as artrites e as artroses

CA10.4 Rexistráronse os procedementos diagnósticos e terapéuticos realizados das doenzas do aparello músculo-esquelético e do tecido conectivo

CA11.1 Codificáronse as doenzas do aparello xenital

CA11.2 Codificáronse as doenzas do aparello urinario

CA11.3 Codificouse a insuficiencia renal crónica

CA11.4 Rexistráronse os procedementos diagnósticos e terapéuticos realizados do aparello dixestivo

CA12.2 Secuenciáronse correctamente os diagnósticos na codificación dos procesos relacionados co embarazo, o parto e o puerperio

CA12.3 Rexistráronse as alteracións cronolóxicas da xestación asignando o código correspondente

CA12.4 Codificouse o resultado do parto

CA12.6 Rexistráronse os procedementos diagnósticos e terapéuticos do embarazo, o parto e o puerperio

CA13.1 Codificáronse malformacións conxénitas, deformacións e anomalías cromosómicas

CA13.2 Codificáronse as afeccións orixinadas no período perinatal

CA13.3 Rexistráronse os procedementos diagnósticos e terapéuticos realizados das doenzas do período perinatal e das malformacións conxénitas, deformacións e anomalías cromosómicas

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos exixibles: os descritos nos apartados 2.1.2 e 2.2.2 que quedan recollidos nesta programación.

Criterios de cualificación:

-Proba teórica: para superala, é necesario resolver correctamente o 60% da proba, unha vez descontadas as preguntas incorrectas, equivalente a un 5.

-Proba práctica: para superala, é necesario resolver correctamente o 60% da proba, equivalente a un 5.

-Será necesario superar a proba teórica para poder presentarse á proba práctica.

-Cando non se supere a proba práctica, non se fará media, é dicir, será necesario superar ámbalas dúas probas para poder aprobar o módulo profesional.

-A cualificación do módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das probas.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Tipo de proba:

Resolución dun cuestionario de preguntas teóricas elaboradas a partir dos contidos do módulo e tendo en conta os resultados de aprendizaxe indicados no currículo.

Características da proba:

- Preguntas tipo test de elección múltiple (4 posibles respostas), das cales soamente unha é completamente correcta.
- Estas preguntas valoraranse cun punto en caso de ser correctas. Por cada 3 respostas erróneas anularase unha correcta. As preguntas sen contestar non serán contabilizadas.
- Ao ter que ser cifras enteiras (sen decimais) e comprendidas do 1 ao 10, haberá que redondear o resultado obtido á unidade máis próxima.

Duración da primeira parte da proba: 2 horas.

Instrución xerais:

- Rógase máxima puntualidade e infórmase que unha vez comezada a proba, ninguén poderá acceder á aula.
- Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar en todo momento sobre a mesa para a verificación por parte do profesorado.
- Para o acceso á aula onde se realizarán as probas, deberán apagarse todos os dispositivos electrónicos, incluído o teléfono móbil. O uso destes dispositivos durante a proba será obxecto de expulsión.
- Unha vez comezada a proba, non poderá abandonar a aula ata pasados trinta minutos.
- Sobre a mesa, soamente o material necesario e indicado para a realización dos exercicios.
- Uso de bolígrafo azul ou negro. Non está permitido o uso de lapis para marcar as respostas.
- As preguntas que aparecen catalogadas como ¿preguntas de reserva¿ serán contestadas na mesma forma que o resto de preguntas, en previsión de posibles anulacións de preguntas. Non teñen efectos de cualificación en primeira instancia, pero en caso de anulación de preguntas servirán para o cómputo da nota.
- Ante calquera dúbida ou consulta, non abandonar o asento, levante a man e será atendido polo profesorado.
- Se necesita un certificado de asistencia, solicíteo á comisión.
- Queda totalmente prohibido sacar da aula o exercicio. Os exercicios deberán ser entregados completos ao profesorado.
- Material para a proba: bolígrafo azul ou negro.

*Nota: -Os membros da comisión de avaliación, poderán excluír de calquera parte da proba, dun determinado módulo profesional, as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero

4.b) Segunda parte da proba

Tipo de proba: resolución práctica dunha serie de cuestións de tipo procedemental, que permitirán evidenciar a consecución dos resultados de aprendizaxe mediante a aplicación dos criterios de avaliación indicados para cada resultado de aprendizaxe no apartado 2.2.b 2ª parte da proba.

Características da proba:



Resolución práctica dunha serie de cuestións de tipo procedemental: resolución supostos simulados; aportarase material para a resolución dos supostos: CIE-10-ES formato PDF.

-Cada cuestión valorarase entre 1 e 10 segundo o grao de consecución.

-Ao ter que ser cifras enteiras (sen decimais) e comprendidas do 1 ao 10, haberá que redondear o resultado obtido á unidade máis próxima.

Instrución xerais:

-Rógase máxima puntualidad e infórmase que unha vez comezada a proba, ninguén poderá acceder á aula.

-Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar en todo momento sobre a mesa para a verificación por parte do profesorado.

-Para o acceso á aula onde se realizarán as probas deberán apagarse todos os dispositivos electrónicos, incluído o teléfono móbil. O uso destes dispositivos durante a proba será obxecto de expulsión.

-Unha vez comezada a proba, non poderá abandonar a aula ata pasados trinta minutos.

-Sobre a mesa, soamente o material necesario e indicado para a realización dos exercicios.

-Uso de bolígrafo azul ou negro. Non está permitido o uso de lapis para marcar as respostas.

-Ante calquera dúbida ou consulta, non abandonar o asento, levantar a man e será atendido polo profesorado.

-Se necesita un certificado de asistencia, solicítelo á comisión.

-Material para a proba: bolígrafo azul ou negro.